

# RESOLUCIÓN

**Expediente núm.:** 380/2025

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Subvencións por Concorrenza Competitiva

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Advertido un erro na Resolución 2025-0234 pola que se aproban as bases da convocatoria de axudas ao pago da factura da luz dos veciños do Concello de Muras do ano 2024 (anexo).

De conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas que dí:

### Artículo 109. Revocación de actos y rectificación de errores.

*2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*

No uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local

## RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Correxir as bases da convocatoria de axudas ao pago da factura da luz dos veciños do Concello de Muras do ano 2024 e donde dí:

### *4.1 CONTÍA INDIVIDUAL DAS ACHEGAS.*

#### *PARA AS AXUDAS DA LIÑA 1:*

*O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 600€ por unidade familiar.*

*A axuda económica concederase en función da “Renda per Cápita” anual da unidade familiar.*

*O baremo, as porcentaxes e os límites das axudas son as establecidas na seguinte táboa:*

<i>RENDA PER CAPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>PORCENTAXE DA AXUDA</i>	<i>LÍMITE ANUAL DA AXUDA</i>
---	----------------------------	------------------------------



<15.000€	Ata o 100% do consumo	600€
15.001€ - 22.000€	Ata o 90% do consumo	500€
22.001€ - 29.000€	Ata o 80% do consumo	400€
>29.001€	Ata o 70% do consumo	300€

Debe decir:

#### 4.- CONTÍA DAS ACHEGAS E COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.

##### 4.1 CONTÍA INDIVIDUAL DAS ACHEGAS.

##### PARA AS AXUDAS DA LIÑA 1:

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 600 € por unidade familiar.

A axuda económica concederáse en función da “Renda per Cápita” anual da unidade familiar.

O baremo, as porcentaxes e os límites das axudas son as establecidas na seguinte táboa:

RENDA PER CAPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	PORCENTAXE DA AXUDA	LÍMITE ANUAL DA AXUDA
<15.000€	Ata o 100% do consumo	700€
15.001€ - 22.000€	Ata o 90% do consumo	600€
22.001€ - 29.000€	Ata o 80% do consumo	500€
>29.001€	Ata o 70% do consumo	200€

SEGUNDO.- Publicar no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Muras para seu coñecemento.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde

Dilixencia de Secretaría



No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria Interventora

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

